

Federación Galega de Espeleoloxía

Respectar o
medio ambiente das covas
é respectar a vida,
por iso
non esquezas

Coidar

Non deixando nada atrás,
agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de
iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural:
covas e zonas kársticas axudan
ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros
marcados e minimiza o risco
de accidentes

Desfrutar

Apreciando a beleza natural
e os seus valores arqueolóxicos
e paleontolóxicos



DEPORTE
GALEGO




FEDERACIÓN
GALEGA DE
ESPELEOLOXÍA

Campamento Galego de Veteranos



Castrelo do Val (Ourense)

28 e 29 de outubro de 2023



FEDERACIÓN
GALEGA DE
ESPELEOLOXÍA



cec
CONFEDERACIÓN DE
ESPELEOLOXÍA Y CAVERNAS



A comarca de Verín (Ourense) amosa toda unha mistura de rochas que abranden dende os granitos ate as cuarcitas e esquistos. E incluso con algún pequenos afloramentos de calías. E na maioría destes tipos de rochas podemos atopar covas (paracársticas e pseudocársticas) e minas, moitas delas xa naturalizadas dando pé a interesantes covas de consecuencia.

Neste entorno de contrastes tanto nas paisaxes superficiais como nas subterráneas, imos desenvolver o 5º Campamento Galego de Veteranos.

A preparación desta actividade é o resultado de moitas horas de campo, adicadas en boa parte por investigadores, veciños e tamén polos equipos de traballo do PER Atlas da Federación Galega de Espeleoloxía.

A comarca abrande os concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós. E nelas, ate agora, inventariamos **37 covas e minas** que organizamos en catro roteiros para amosarvos a riqueza deste área ao longo do encontro.


Aloxamento e manutención

O **concello de Castrelo do Val** cedeunos o seu Pabellón Municipal para establecer o campamento base. É posible pernoctar a noite do 27 no pavillón. A cea do venres é por conta dos participantes.

O almorzo do sábado e do domingo serán no Bar do Lito situado a uns 500 m do campamento base.

Para facilitala participación dos asistentes nos roteiros o xantar do sábado e do domingo os xestionará a organización. Ver instrucións na folla de inscrición.

A cea de confraternidade do sábado celebrarase no entorno do concello de Castrelo do Val ou Verín para tratarmos de evitar desplazamentos en coche. Para asistir a cea hai que reservar. Ver folla de inscrición. Os que non asistan deberán arranxar a cea pola súa conta.



Venres 27/10/2023

19:30 Conferencia: “Patrimonio Subterráneo da Comarca de Verín”

Sábado 28/10/2023

09:00 Recepción dos participantes no pavillón

09:30 Organización de equipos de exploración e topografía.

- Roteiro 01: Roteiro Monterrei – Oimbra – Cualedro

- Roteiro 02: Castrelo do Val – Laza

- Roteiro 03: Castrelo do Val (Gondulfes)

- Roteiro 04: Verín – Vilardevós – Riós

19:00 Tempo de lecer (visitas ao entorno, etc...)

21:00 Cea de confraternidade – Entrega de medallas aos 25 e 50 anos

Domingo 29/10/2023

08:30 Almorzo

09:30 Organización de equipos de exploración e topografía.

- Roteiro 01: Roteiro Monterrei – Oimbra – Cualedro

- Roteiro 02: Castrelo do Val – Laza

- Roteiro 03: Castrelo do Val (Gondulfes)

- Roteiro 04: Verín – Vilardevós - Riós

14:00 Xantar no pavillón

16:00 Peche do campamento

Equipamento

Os participantes virán equipados co equipo espeleolóxico individual e vertical. Nalgunhas covas e minas pode ser necesario o uso de material de vertical e de instalación. Para a pernocta os participantes deberán dispor de saco e esterilla.

A organización aportará unha guía de campo das actividades e outros materiais dixitais para facilitar o desenvolvemento da actividade. A organización xestionará as chaves de acceso ás minas que o precisen.

Cómo participar no campamento

Aplicacións que podes empregar

O campamento está **aberto a todos federados** da Federación Galega de Espeleoloxía con licencia en vigor en 2023. Hai 50 prazas para deportistas que se ocuparán por orde de inscrición, con prioridade aos nosos veteranos (máis de 40 anos de idade, máis de 6 anos federados) e aos federados FGE,

A data límite de inscrición 20 de outubro de 2023 ás 23:00 h.

A inscrición formalizarase remitindo o formulario de participación ao enteirozo electrónico:

actividades@espeleologia.org

Non esquezas practicalo noso “deporte-ciencia” en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Localización do campamento base



Pabellón Municipal de Castrelo do Val
Rúa do Carmen, 11, 32625, Castrelo do Val

ETRS89 29T 630289 4649963



Emb3D es un visor de modelo 3D de alto rendimiento y una plataforma de procesamiento de la nube 3D.

As covas como obxetos 3D

Aos inscritos remitíremolles os modelos dalgunhas das covas a visitar. Estes modelos son uns arquivos ZIP que inclúen a cova como OBJ 3D xunto cun arquivo de texturas (MTL).

Basta con gardar o ZIP nunha carpeta do teu smartphone ou tablet para poder abrilos co Emb3D e navegar pola topografía tridimensional da cavidade.

Un xeito diferente de visualizar en campo covas complexas ou de gran tamaño, e que poderedes probar nalguns dos roteiros.



Visualizador ideal para senderismo, ciclismo, correr o esquiar, etc

